



Reclamante: [REDACTED], en nome e representación de [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 129/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 4 de decembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], presentou mediante escrito con entrada no rexistro da Xunta de Galicia o 4 de decembro de 2017, un recurso contra a resolución de 29 de novembro de 2017, notificada o 4 de decembro de 2017. O 12 de decembro de 2017 a Consellería do Mar remite a documentación á Comisión da Transparencia para que tramite a reclamación.

O recurso é contra a resolución 2017/2633352 de 29 de novembro de 2017 da Consellería do Mar en relación á solicitude de información sobre un obxecto flotante con perigo para a navegación e seguridade marítima. Considera que a resolución non é adecuada e no recurso concreta o solicitado (certificación de balizamento da batea; certificación de saída do asteleiro da Capitanía Marítima; certificación e autorización na zona de fondeo de Capitanía Marítima de Vilagarcía; certificación dos funcionarios do servizo de Gardacostas de Galicia e os seus resultados; certificado de impacto ambiental).

A resolución da consellería recorrida refírese a un obxecto flotante que se describe como “EX-VENERUPIS GAL-3 POLIGONO CARAMIÑAL B. CUADRÍCULA 115”. A resolución da consellería indicaba que: 1. *“O obxecto flotante sen identificar sobre o que versa a solicitude é unha batea de nome “EX-Venerupisgal 3 da que é titular a entidade Venerupisgal SL. 2. A referida batea foi fondeada, baixo supervisión de funcionarios do Servizo de Gardacostas de Galicia, o día 20 de maio de 2016, na cuadimetría 115 do polígono B, no distrito marítimo da Poba do Caramiñal. 3. O fondeo levouse a cabo de conformidade co establecido na resolución do 11 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica pola que se autoriza á entidade Venerupisgal SL ao fondeo provisional dunha plataforma mariña denominada EXP-Venerupisgal 3 na cuadrícula 115 do polígono de viveiros O Caramiñal B”.*

Segundo. O 19 de decembro de 2017 requiriuse ao interesado que aclarara a reclamación. Sinalouse que *“a consellería deulle acceso e agora no recurso non declara ningunha desconformidade coa documentación obtida, senón co fondo do asunto (...) a súa petición non afecta ao dereito de acceso á información, senón ao xeito da aplicación da normativa nun expediente sobre o que se lle achega a información (...). No caso de que non achegue as aclaracións requiridas, teráselle por desistido da petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na norma correspondente”.* O oficio foi recibido polo reclamante o 20 de decembro de 2017, segundo consta. Tamén foi reenviado por correo electrónico despois da petición do reclamante.

Terceiro. O 19 de decembro de 2017 o reclamante respondeu que interpuxo a reclamación *“ante la negativa a entregar la documentación pública solicitada, enviando un mero justificante alusivo a normativas sin un solo documento de los solicitados”.* Sinala que o que solicitaba eran as diferentes certificacións citadas no antecedente primeiro.

Cuarto. O 9 de xaneiro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción o 15 de xaneiro de 2018.

Quinto. O 10 de xaneiro de 2018 o reclamante remite novo escrito. Refire que *“... se solicita informe, aclaraciones o desmentidos sobre los hechos denunciados, subvenciones y datos públicos de la entidad autora del artefacto flotante en relación a las competencias d ella Consellería do Mar relacionadas con el mismo”.* Non se aprecia petición diferente á citada.

Sexto. O 24 de xaneiro de 2018 a Consellería do Mar contesta á petición remitindo o informe requirido. Indica que os cinco documentos que a plataforma di que pediu, no escrito inicial en ningún momento foron solicitados. Estamos ante unha solicitude *ex novo* á que non se lle puido dar resposta na petición inicial. A consellería reitera a resposta dada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Son aplicables a Lei 19/2013, do 9 de decembro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e a lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á eventual impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Prazo para a presentación da solicitude

A data de notificación da resolución sobre a solicitude de acceso á información é de 30 de novembro de 2017. A reclamación ante a Comisión da Transparencia preséntase o 4 de decembro de 2017, vía Rexistro da Xunta de Galicia. O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece o prazo dun mes (desde a notificación do acto impugnado). Neste caso o cómputo faise desde o 30 de novembro de 2017, o que implica que se presentou en prazo.

Cuarto. Análise do expediente

A resolución de 29 de novembro de 2017 da Consellería do Mar, fronte á que se formula reclamación, orixínase pola petición de información pública de 26 de outubro de 2017. A resolución da Consellería do Mar estima en todo a solicitude de acceso formulada polo reclamante e é congruente coa petición realizada. Responde ao transcrito no antecedente primeiro. Durante a tramitación desta reclamación é cando o reclamante solicita *ex novo* o acceso a información transcrita no antecedente terceiro.

Procede a desestimación do recurso contra a resolución impugnada, que foi estimatoria da petición de acceso e cuio contido é congruente co pedido entón, posto que facilita o acceso á información. O recurso pretende reclamar outra información.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos, procede

Único: Desestimar o presente recurso por formularse fronte a unha resolución estimatoria e congruente coa solicitude de acceso formulada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga